

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE MAIO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D.^a. Ana Ledo Fernández

D. Jose Angel Rey Seoane

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día vinte e dous de maio de 2014, xuntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia, a concelleira Dña. Isabel Sesar Otero.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA TÉCNICO LINGÜÍSTICO 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada neste concello co nº. 837 en data 19//05/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 7, do 11 de xaneiro de 2012, para técnico lingüístico 2013 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 3.000,00 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA PROGRAMA DE ANIMADORES CULTURAIS MUNICIPAIS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº. 830 en data 19/05/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239, do 17

de decembro de 2012, para animador cultural 2013 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 2.993,70 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN PROGRAMA TERMALISMO ANO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada neste concello co nº. 786 en data 09/05/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 239, do 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013 para o programa de termalismo social e o importe a aboar 3.000,00 €.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

1.4.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, rexistro de entrada neste concello co nº. 767 en data 06/05/2014 no que se comunica o asignamento do financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 15.013,00 Euros; tramitándose anticipo da anualidade 2014 pola contía correspondente ó 50% da cantidade financiada en 2013: 7.506,50 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

1.5.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR

Pola secretaria dáse conta da certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 831 en data 19/05/2014, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 1º trimestre de 2014 pola prestación de axuda no fogar (dependencia): 19.834,27 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

1.6.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución enviada polo xefe da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 754 en data 05/05/2014, relativa á solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas ao regato de Candeira (cunca do río Tambre), procedentes do saneamento do lugar de Boido (t.m. Boimorto) Clave: DH.V15.45283 (antes PROV.7417) propoñendo o seu outorgamento baixo unha serie de condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente e ponse en coñecemento deste concello para que no prazo de DEZ DÍAS se manifeste a súa conformidade ou ben se presente as alegacións que se teña por convenientes. Doutro xeito, entenderanse aceptados os termos da presente proposta.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

1.7.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACION DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (AXUDA A DOMICILIO)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 829 en data 19/05/2014, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A/2014-0130 para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación, e prospección de emprego no exercicio 2014, polo importe de 20.000 €, de acordo coa seguinte desagregación:

Nº Técnicos/as	Xornada	Localidade	Data de inicio (data límite)	Duración	Importe subvención
1 técnico orientación	100%	Boimorto	31/07/2014	12 meses	20.000 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

1.8.- SOLICITUDE INFORME SOBRE VIABILIDADE XIII VOLTA A PROVINCIA DA CORUÑA

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co nº 800 en data 12/05/2014, solicitando a emisión do preceptivo informe sobre a viabilidade da proba ciclista “III VOLTA A PROVINCIA DA CORUÑA” organizada pola Federación Galega de Ciclismo que se celebrará nas datas do 6 a 8 de xuño.

Visto o itinerario da mesma, que transcurrirá en parte polo noso termo municipal o día 8 de xuño, que afecta ás estradas AC-840, AC-234 e CP-1002.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade informar favorablemente a celebración da proba.

1.9.- COMUNICACIÓN DA FEGAMP DE INGRESO PARA MANTEMENTO DOS CENTROS SANITARIOS

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), rexistro de entrada neste concello co nº. 860 en data 22/05/2014, no que se comunica que se procedeu a abonar a cantidade que se atopaba pendente de pago segundo estipula o Convenio de programas de atención e protección da saúde, correspondente o 33,22% da subvención total asignada.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.- LICENZAS PERMISOS AUTORIZACIÓNS

2.1.- LICENZAS

2.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO CAMPO PARROQUIAL DE ARCEO PARA CELEBRACIÓN DUNHA CHURRASCADA.

Vista a solicitude presentada por D. Pablo Sandá Varela, con DNI núm. 78803073-J e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Vilaverde núm. 5, parroquia de Arceo, 15818 Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Arceo, -nº rexistro de entrada 733 do 29.04.2014- solicitando o uso do campo da festa parroquial de Arceo para a celebración dunha churrascada o día 14 de xuño de 2014 a partir das 9 da noite, así como a disponibilidad de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local, en aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 do 13 de xullo, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a D. Pablo Sandá Varela con DNI núm. 78803073-J, en nome da comisión de festas de Arceo, o uso común especial do campo da festa parroquial de Arceo sito no lugar de Carballeira, o día 14 de xuño de 2014 a partir das 21:00 horas para a celebración dunha churrascada, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

2º.- A solicitante queda responsabilizada da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado con expresión de recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

2.1.2.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA VIVENDA DE ALUGUER, MODALIDADE DE TURISMO RURAL, NO LUGAR DE PIÑEIRO, PARROQUIA DE DORMEÁ, A INSTANCIA DE D. CAMILO SAAVEDRA PENAS, EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE XUBIAL S. COOP. GALEGA

Visto o escrito número 842 de data 27/05/2014 no que por D. Camilo Saavedra Penas, actuando en representación da entidade XUBIAL S. Coop. Galega solicita a visita de comprobación ás dependencias destinadas para a actividade de vivenda de aluguer, modalidade de turismo rural no lugar de Piñeiro, parroquia de Dormeá, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Vista a documentación aportada como complementaria á solicitude de apertura presentada con data 17/02/2014, rexistro de entrada número 288 e con data 10/04/2014 rexistro de entrada número 634 en base aos requerimentos de subsanación de deficiencias postas de manifesto no informe emitido polos servizos técnicos municipais en data 5 de xuño de 2013 e 7 de abril de 2014.

Visto informe técnico de 05/05/2014 de D. Ángel Delgado Cid no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento da licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a . Camilo Saavedra Penas, en representación da entidade XUBIAL S. Coop. Galega licenza definitiva de actividade dunha vivenda de aluguer, modalidade de turismo rural sita no lugar de Piñeiro, parroquia de Dormeá, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Facer constar que a liquidación aprobada no acordo de concesión de licenza provisional de actividade por importe de 304,19 €uros foi abonada polo interesado en data 07/12/2012

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

3.1.- URBANISMO

3.1.1.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA PARA EXECUCIÓN DE FOSA DE XURRO POR CAMBIO DE UBICACIÓN.

Examinada o expediente de modificación de licenza urbanística de obra maior (LO 41/2013) concedida pola Xunta de Goberno Local o 30 de outubro de 2013 a Martín Vidal Vázquez para construción de fosa de xurro (na parcela número 5 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Sendelle) consistindo a modificación en cambiar a disposición da ubicación da fosa, instada mediante solicitude de data 28 de abril de 2014, rexistro de entrada no concello co numero 726.

Visto o informe favorable dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega de data 28/04/2014

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Martín Vidal Vázquez licenza de obra, para modificación de licenza de obra maior (LO 41/2013) para construción de fosa de xurro na parcela número 5 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Sendelle, concedida o 31/10/2013 pola Xunta de Goberno Local, consistindo a modificación na ubicación da fosa, segundo o anexo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Felipe Rey Pérez, colexiado número 738, mantendo o resto de condicións que serviron de base para o outorgamento da licenza inicial, incluídos os prazos de execución.

SEGUNDO.- Notificar o acordo ao interesado.

4.- ASUNTOS ECONÓMICOS

4.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
3-A-25/04/14	Antonio Ansedé Blanco / 32440038-X	Leite para o centro social municipal de maiores	200,51 €
3-B/25/04/14		Café, galletas, azúcar para o centro social municipal de maiores	79,73 €
B 367-16/04/14	Jobegosum, S.L. / B70058268	Material médico para a residencia de persoas maiores	70,07 €
B 405-30/04/14		Material médico para a residencia de persoas maiores	248,71 €
11/14-15/04/14	Patricia Mª Martínez Rodríguez / 77402545-R	Actividade infantil realizada o día 12/04/14 na biblioteca programa Ler Conta Moito	47,50 €
14/187-28/04/14	Remuiño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner impresora residencia	162,62 €
951136368-30/04/14	Kone Elevadores, S.A. / A-28791069	Servizo mantemento ascensor colexio abril 2014	245,68 €
1401005180-28/04/14	Aquatec Proyectos para el sector del agua, S.A. / A-85.788.073	Reactivos cloro servizo de augas	100,55 €
139-30/04/14	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Rodas para o coche de emerxencias 112	420,02 €
142-06/05/14		Roda para o camión grande de recollida de lixo	495,00 €
2900204792-02/04/14	Labaqua, S.A. / A-03637899	Control de calidade de auga do consumo humano mes de	

2900207094-05/05/14 □		marzo 2014 Control de calidade de auga do consumo humano mes de abril 2014	464,26 € 464,26 €
5/01403511-25/04/14 5/01403512-25/04/14 □	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais Período 19/03/14-21/04/14 Mantemento fotocopiadora cor K-7022 residencia e centro de día período 17/03/14-14/04/14	400,82 € 35,04 €
4.437-30/04/14	Asociación Provincial de criadores de frisón de A Coruña, para o control oficial de rendementos / G-15.361.413	Dirección Técnica poxa de xovencas Magreco 2014. Adx. Contrato menor Decreto 78/2014 de data 27/03/14	1.500,00 €
25-30/04/14	Grupo Acofide, S.C. / J70026604	Clases de pilates abril 2014 días 3, 10, 17 e 24	125,84 €
4.086-07/05/14	JF Brea SLU / B15507817	Libros para o PAI	269,86 €
A\ 10435-19/05/14	Oli-Servi, S.L. / B15202583	Descolgador teléfono para oficinas municipais	217,80 €
P000010/2014-14/05/14	Paula Lijo Marcote / 32.807.862-H	Material médico para a residencia (tensiómetro, pulsioxímetro, ...)	243,95 €
14A/003248-16/05/14	Toldos Gómez, S.L. / B-15274459	Eslingas para o camión grúa	369,05 €
0101-1400297-31/03/14 0101-1400432-30/04/14	COGAMI Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962	Recollida de residuos do 01/03/14 ao 31/03/14 Recollida de residuos do 01/04/14 ao 30/04/14	95,36 € 95,36 €
4001321651-30/04/14 FRO20142303791-22/05/14	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de abril 2014 Impreso sen dirección postal carta do Alcalde	162,29 € 52,50 €
D- 421-23/04/14 263-30/04/14 D- 487-07/05/14	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo calefacción albergue Gasolina desbrozadora Gasóleo automoción	435,00 € 35,00 € 3.075,00 €
1/14-14/05/14	Oliva Penas Guerreiro / 76805350-R	Material estimulación para a residencia e centro de día	97,95 €
856.488-02/05/14 857.090-02/05/14	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial maio 2014 Mantemento ascensor residencia abril 2014	332,52 € 332,80 €
2014/0888-30/04/14	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de abril 2014	4.271,05 €
OFFV14/1578-30/04/14 OFFV14/1579-30/04/14	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina Material para o PAI	153,82 € 257,81 €
1-1104652-28/04/14 □	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de abril 2014	749,72 €
951136368-30/04/14	Kone Elevadores, S.A. / A-28791069	Mantemento ascensor colexio abril 2014	245,68 €

98.886-30/04/14	Recambios Santiagueses, S.L. / B- 15.214.349	Material para o almacén	87,58 €
98.887-30/04/14		Repuestos camión de lixo 7428FJK	168,80 €
99.386-15/05/14		Peza avisador de freno autobús matrícula 5002 HHB	20,42 €
99.387-15/05/14		Filtro de aceite vehiculo matrícula 9114FDM	13,88 €
99.388-15/05/14		Filtro aceite vehiculo matrícula C- 6849-BK	8,05 €
140143-08/05/14	Farmacia M ^a . José Vázquez Freire / 33277749S	Material médico para a residencia algodón	5,50 €
0000501-01/01/14	Enfoque Soluciones TI □SL / B-47602651	Mantemento programa □ informatico residencia xaneiro 2014	59,29 €
0000610-01/05/14		Mantemento programa informatico residencia maio 2014	59,29 €
3120171078-30/04/14	Serunion, S.A.U. / A59376574	Servizo de alimentación residencia e centro de día abril 2014	4.774,40 €
Relación de data 25/04/14. Rexistro de entrada nº 717	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A- 65067332	Recibos ao alumado público Recibos edificios antigas escolas Recibos locais sociais e edificio servizos múltiples Recibo PAI período 03-02-14/27- 03-14 Recibo edificio cámara agraria período 03-02-14/27-03-14 Recibo baixo concello período 01-02-14/27-03-14 Recibo centro de saúde período 03-02-13/27-03-14 Recibo protec. civil e refuxio período 12-02-14/13-03-14 Recibo depósito de Boimil período 13-02-14/13-03-14	5.139,03 € 851,45 € 357,89 € 836,16 € 156,84 € 47,18 € 101,18 € 64,69 € 163,58 €
FE14321142633846- 03/03/14 FE14321143494339- 17/03/14 FE14321143344377- 13/03/14 FE14321143344378- 13/03/14 FE14321143494340- 17/03/14 FE14321143344380- 17/03/14 FE14321143344380- 13/03/14 FE14321143344379- 13/03/14	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A- 08431090	Recibo alumado Gándara período 15-01-14/11-02-14 Recibo estación potabilizadora período 14-02-14/13-03-14 Recibo albergue de peregrinos período 12-02-14/11-03-14 Recibo polideportivo período 12- 02-14/11-03-14 Recibo campo de fútbol período 13-02-14/13-03-14 Recibo piscina municipal período 13-02-14/13-03-14 Recibo residencia período 12-02- 14/11-03-14 Recibo colexio público período 12-02-14/11-03-14	742,55 € 13,87 € 334,32 € 208,64 € 866,97 € 120,98 € 1.310,79 € 860,93 €
28-E81-519949-	Telefónica Móviles	Recibo teléfonos móviles período	

01/05/14	España, S.A. / A-78923125	18/03/14 a 17/04/14	154,69 €
TA4O50352478	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	79,43 €
TA4O50352483		Recibo teléfono centro maiores	81,30 €
TA4O50352477		Recibo teléfono xulgado de paz	25,73 €
TA4O50352480		Recibo teléfono ascensor concello	17,40 €
TA4O50352481		Recibo teléfono oficinas Concello	344,18 €
TA4O50352479		Recibo teléfono PAI	25,06 €
TA4O50352485		Recibo teléfono residencia	89,82 €
TA4O50352484		Recibo teléfono ascensor residencia	20,51 €
TA4O50352482		Recibo teléfono fax	0,00 €
19/05/14			

4.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 22/05/2014

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- CASTELO MATO DOLORES - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- BERMUDEZ ESPÍNEIRA MANUEL ALFONSO - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- SEOANE FRAGA CARMEN FERMINA - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

4.- ARES ENJAMIO VIRTUDES - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

5.- BUJÁN CARREIRA ENGRACIA - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Dolores Castelo Mato, Manuel Alfonso Bermúdez Espiñeira e Carmen Fermina Seoane Fraga e no servizo de podoloxía a Virtudes Ares Enjamio e Engracia Buján Carreira.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

4.3.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE MAIO 2014: INCREMENTO HORAS USUARIO DE DEPENDENCIA, BAIXA E VARIACIÓN PUNTUACIÓN USUARIOS DA LISTA DE ESPERA DE LIBRE CONCURRENCIA.

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 22/05/2014, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no presente mes de maio de 2014 e que se transcribe o texto textualmente:

<<M^a Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1.- Que con data do 2 de maio de 2014 dona María Felpete Varela en calidade de gardadora de feito da súa nai dona Carmen Varela Bravo solicita un aumento de horas no servizo de axuda no fogar por libre concurrencia, que agora mesmo recibe 2 horas semanais e solicita 5 horas semanais. Debido a que a súa saúde empeorou realizase unha nova valoración acadando unha puntuación de 24 puntos.

2.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia queda tal como segue unha vez contemplada esta puntuación:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCURRENCIA	Autonomía a persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
María Segade Mella R) Camiño de Cheda, Boimorto	24 puntos	15 puntos	0 puntos	3 puntos	42 puntos
María Sandá Barreiro Lg Currás, Cardeiro, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	38 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Carmen Varela Bravo Lg. Gárdoma, Boimil, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	24 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mercedes Labandeira García Lg Barral, Brates, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Flora Mato Lorenzo Lg Piñeiro, Sendelle, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro Lr) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	11 puntos
Mª Remedios Castro Novo Lg Lobomorto, Arceo, Boimorto	0 puntos	5 puntos	0 puntos	6 puntos	11 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

3.- Que con data do 14 de maio o sistema galego de atención á dependencia aumentou 70 horas de servizo ó Concello de Boimorto polo que na actualidade ten concedidas 777 horas mensuais de atención á dependencia. Debido a este aumento de horas por parte do SIGAD, con data do 15 de maio, aumentáronse 25 horas de servizo ó usuario Juan Manuel Fernández Paz, horas que se lle estaban prestando de menos xa que cando el se incorporou ó servizo o concello non tiña máis horas dispoñibles que as 20 que lle foron asignadas quedando pendentes estas 25 que se lle asignaron agora para completar as 45 que o usuario ten recoñecidas por dependencia.

4.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda do seguinte xeito, indicando ao lado de cada usuario o grao e horas concedidas e efectivamente prestadas:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES PRESTADAS	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE
Concepción Filloy Veiga Lg Arentía, Andabao ☐	Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Sofía García Souto Lg Bertomil, Brates, Boimorto ☐	Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Victoria Aguión Peteiro Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
María Felpete Costoya Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Coteló Felpete Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto ☐	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto ☐	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Costoya Brea Lg Currás, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José M ^a Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto ☐	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao ☐	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.

5.- Que con data do 16 de maio de 2014 dona María Lourdes Mato Blanco renuncia de maneira voluntaria a seguir figurando na lista de espera do servizo de axuda no fogar do Concello de Boimorto que ocupaba o posto número 8.

6.- Que con data do 22 de maio de 2014 dona María del Carmen Barreiro Nouche anexa un informe médico para incorporar no expediente de solicitude do servizo de axuda no fogar da súa nai Dolores Nouche Botana, á vista do cal e unha vez valorado este expediente acada un total de 19 puntos.

7.- Tendo en conta estas variacións na última lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 24/04/2014, a lista de espera quedaría do seguinte xeito:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Carmen Varela Bravo, 24 puntos.
- 4º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 5º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.
- 6º.- Dntonio Corral Boado, 17 puntos.
- 7º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 8º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 9º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.

10º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Darse por informados dos cambios producidos ata o día 22 do presente mes de maio no servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia e dependentes así como a lista de espera no servizo de libre concurrencia mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Facer pública a seguinte lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.

2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.

3º.- Carmen Varela Bravo, 24 puntos.

4º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.

5º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.

6º.- Dntonio Corral Boado, 17 puntos.

7º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.

8º.- María Mato Méndez, 14 puntos.

9º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.

10º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

4.4.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondente ao mes de abril da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Abril 2014	20140189	Recollida selectiva	537,43	53,74	591,17
Abril 2014	20140187	Plus adicional por transporte ata planta de selección	3,65	0,37	4,02

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140189 e 20140187 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

4.5.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao mes de abril da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Abril 2014	20140188	Recollida monomaterial en	57,11	5,71	62,82

		íglu de papel/cartón e transporte a recicladores			
--	--	--	--	--	--

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir a factura número 20140188 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

4.6.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada 802 en data 12/05/2014, lembrando que durante este mes de maio as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao primeiro cuadrimestre do exercicio 2014.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 469/2013 de data 30 de decembro de 2013 correspondente ao cuarto trimestre do período impositivo de 2013, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 13 de xaneiro de 2014 número 7), cunha liquidación de 3.140,81 Euros (unha vez efectuadas as correccións no padrón á vista dos Decretos 25/2014 e 26/2014 de data 28/01/2014 sobre reclamacións presentadas contra a liquidación da taxa de auga do padrón do cuarto trimestre de 2013).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 28 de marzo de 2014.

Visto o importe do canon de auga recadado do cuarto trimestre de 2013 ata o día da data, 24 de maio de 2014, por importe de 3.045,34 Euros.

Visto o importe do canon de auga recadado a partir da data de pago da autoliquidación do terceiro cuadrimestre 2013 que resulta a cantidade de 8,73 Euros.

Vista a relación de recibos impagados correspondente ao cuarto trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao primeiro cuadrimestre do exercicio 2014 por importe total de 3.054,07 Euros con cargo a conta extraorxamentaria 20310 do orzamento municipal de 2014 que corresponde 3.045,34 Euros ao cuarto trimestre de 2013 e 8,73 Euros que corresponden ao terceiro trimestre 2013.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do cuarto trimestre de 2013 que a continuación se reflexan:

Nome e Apelidos	DNI	Domicilio Subministro	Debeda
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,50 €
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	90,97 €
* Luis Lopez Quintela		32203478M Casal, 2 (Brates)	1,50 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,50 €

TERCEIRO.- Efectuar o ingreso na conta número ES83 / 2080 / 5355 / 6031 / 10037252 de Novagalicia Banco.

4.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN AO SANTUARIO DAS PÍAS (SOBRADO)

Vista a convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión o Santuario das Pías (Sobrado) redactadas en data 24/05/2014 pola normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN O SANTUARIO DAS PÍAS (SOBRADO)

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a excursión o Santuario das Pías (Sobrado); o día 9 de xuño de 2014. Visitarase o entorno do Santuario das Pías, sobre ás 12:00 horas haberá unha misa no santuario á que se poderá asistir, o xantar será na vila de Sobrado.

A hora e lugar de saída do autocar é sobre ás 10:45 h do Centro Municipal de Maiores.

O prazo de inscrición remata o 5 de xuño. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 16 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, as visitas e o xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 24 de maio de 2014

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para a excursión ao Santuario das Pías (Sobrado) redactadas en data 24/05/2014 pola normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 16 €uros.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 76, 79, 80 e 85 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

4.8.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO VERÁN 2014

Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán redactadas en data 22/05/2014 pola animadora deportiva e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS VERÁN 2014

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos do Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada no BOP en data 11/05/2010.

Bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos para as actividades de verán 2014:

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello no Verán 2014:

- **Ximnasia de mantemento adultos:** Características: Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade, exercicios con FITBALL e con colchoneta de fitness, coreografías de baile, xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en adiante. Horario: xoves dos meses de Xullo e Agosto, de 20:00 a 21:00. Comezo o 3 de xullo ata o 21 de Agosto. Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto. Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos
- **Actividades de raqueta:** Características: Aprendizaxe técnico con xogos e circuitos. Competicións de habilidades e partidos. Nivel: básico e medio. A partir de 16 anos. Horario: martes e xoves do 1 de xullo ó 21 de agosto. Tenis e bádminton I: de 18:00 a 19:00 (iniciación) Tenis e bádminton II: de 19:00 a 20:00 (perfeccionamento). Instalacións: pista de tenis exterior ó lado do colexio. Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Cursos de natación adultos:** Características. Aprender a nadar. De 16 anos en adiante. Nivel básico. Horario: luns e mércores de 13:45 a 14:30. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Instalación: Piscina Municipal de Boimorto. Prezo: Carné de socio.
- **Aquagym:** Características: “auga” e “ximnasia”. Exercicios acuáticos que con baixo impacto nas articulacións favorece a circulación sanguínea, a corrección postural, a tonificación muscular, mellora cardiovascular e a relaxación. De 16 anos en adiante. Horario: martes e xoves de 13:45 a 14:30. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Instalación: Piscina Municipal de Boimorto. Prezo: carné de socio.
- **Cursos de natación;** de 6 a 16 anos: Carácterísticas: Aprende a nadar I: nenos que non saben nadar, que necesitan a axuda de manguitos. Horario: de 12:15 a 13:00, de luns a venres. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Instalación: Piscina municipal de Boimorto. Prezo: Carné socio. Aprende a nadar II: nenos que saben nadar sen axuda de manguitos. Paso previo dunha proba. Horario: de 13:00 a 13:45 de luns a venres. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Instalación: Piscina municipal de Boimorto. Prezo: Carné socio.
- **Campamentos de verán:** Características: Levaranse a cabo actividades de todo tipo como talleres infantís, xogos, actividades deportivas, rutas de sendeirismo, saídas ó aquapark, proxección de películas, contacontos.... Idade: dous grupos, de 4 a 8 anos e de 9 a 13 anos. Horario: do 1 ó 24 de xullo polas mañás de 10:00 a 13:00. O bus do concello percorrerá diversas parroquias para recoller ós nenos e volvelos a deixar. Instalacións: complexo recreativo da piscina, campo de fútbol, pavillón polideportivo, casa da cultura, biblioteca... Prezo: a cota será de 12 euros. Carné socio. Estarase exento do pago total establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou de socio tempada de

piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos por grupo.

- **Escola de Fútbol 7:** Características: Aprendizaxe do deporte por medio de exercicios técnicos e tácticos con xogos, circuítos e partidos. Nivel medio. Idade: nenos de 6 a 14 anos, dous grupos. En caso de ser poucos nenos farase un só grupo sempre e cando haxa un mínimo de 12 inscritos. Horario: martes e xoves do mes de xullo, de 16:30 a 17:30. Comezo o 1 de xullo. Instalación: complexo recreativo do campo de fútbol. Prezo: a cota será de 12 euros. Carné socio. Estarase exento do pago total establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.
- **Saída Multiaventura:** Características: pasar unha xornada de aventura facendo actividades como: rafting e escalada. As actividades estarán debidamente organizadas e controladas por monitores especializados para que os/as rapaces/as non corran perigo. Horario: venres 18 e sábado 19 de xullo. Idade: Maiores de 13 anos. Prezo: 15 euros. 10 participantes como mínimo. Inscripción: ata o 14 de xullo. Obrigatorio cubrir folla de inscrición e autorización.
 - **Campamento + 14 anos:** Características: quenda, con manutención e aloxamento incluído, de dous días e unha noite. Faranse actividades deportivas, xogos e velada nocturna. Idade: Maiores de 14 anos. Horario: entrada o venres 1 de agosto ás 16:00 e saída o sábado 2 a partir das 18:00 da tarde. Instalación: Albergue do Concello de Boimorto. Prezo: gratuíto. Mínimo 10 inscritos.
- **Festa do neno mollado:** Características: festa con hinchables, levaranse a cabo xogos, ximkana e probas con auga. Horario: domingo 20 de xullo a partir das 16:30 da tarde. Instalación: piscina municipal de Boimorto. Prezo: actividade gratuíta.
- **Saídas ó aquapark:** Características: saída ó aquapark de Cerceda. Comerase no campo, levar comida, crema protectora e gorra. Terán preferencia os nenos anotados ó campamento de verán, así como nenos empadroados. Os nenos menores de 10 anos deberán ir acompañados dun adulto, os maiores de 10 que vaian solos deberán entregar previa autorización asinada. Horario: xoves 10 e 17 de xullo. Saída ás 11:00 do campo do Rosario e volta ás 19:00 no mesmo lugar. Inscripcións e prazo: anotarse no concello 5 días antes de cada saída. Prezo: 5 € día. Os non empadroados 2 € máis por entrada e día. Como mínimo 15 inscritos.
- **Torneo de tenis.** Características: nivel non profesional, maiores de 16 anos. Categoría individual masculina e feminina. Sistema de competición: eliminatorias directas ao mellor de 2 sets. Datos: o torneo dará comezo o luns 4 de agosto e rematará coas finais pola tarde o venres 8 de Agosto, os partidos xogaranse nesa semana. Inscripcións: ata o 31 de xullo na casa do concello. **Sorteo** de cadro de competición: venres, 1 de agosto no concello ás 11 da mañá. O 2 de agosto publicación do cadro na páxina web do concello boimorto.es Premios: Vale para cambiar por material deportivo por valor de 50 euros para o gañador de cada categoría.
- **Torneo fútbol 3 e 5:** Características: disciplina de fútbol 5 para nenos e fútbol 3 para adultos. Data e lugar: sábado 9 de agosto no mini campo herba artificial a Gándara. Equipos e horarios: -categoría base: de 7 a 15 anos. 11:00-14:00 -categoría adultos: a partir de 16 anos. 16:00-20:00 Premios: trofeo ó vencedor de cada categoría Regras e emparellamentos: poderanse consultar na pax.web do concello o 7 de agosto. Prazo de inscrición: ata o 6 de agosto. Normas: primará a deportividade, de non existir esta, o equipo será eliminado do torneo.

2.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

- Ximnasia de mantemento adultos
- Actividades de raqueta
- Escolas de fútbol 7
- Campamentos de verán
- Saída Multiaventura
- Saídas ó aquapark

3.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- ximnasia de mantemento adultos, escola de fútbol 7, actividades de raqueta, campamentos de verán, multiaventura e saídas ó aquapark

O 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade e se de trámite á solicitude de inscrición.

4.- Prazo para anotarse

O prazo para as inscricións para as actividades infantís, xuvenís e adultos remata o venres 27 de xuño.

Boimorto, 22 de maio de 2014.

A animadora deportiva

M^a Amalia Seoane Barreiro

A animadora sociocultural

Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do verán 2014, redactadas pola animadora deportiva e animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- 10 euros mensuais: ximnasia mantemento adultos e actividades de raqueta, exentos de pago os socios con carné.
- 12 euros mensuais: escola de fútbol 7 e campamentos de verán, en todas estas estarán exentos de pago os socios con carné.
 - 15 euros: saída de multiaventura.
 - 5 euros por saída: Aquapark de Cerceda

SEGUNDO.- Dar publicidade deste programa e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse con dos decretos números 114, 115, 121, 123, 126, 128, 133 e 137 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 13:55 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez